

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE AGOSTO DE 2015**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES**

**LIC/1500/2012.- JOSÉ ANTONIO GALLAS BARCIA.-** Aceptar a título gratuito e libre de cargas e gravámenes a cesión do terreo dende a aliñación oficial e conceder licenza para realizar as obras de execución dunha vivenda unifamiliar en LG SARELA DE ARRIBA.

**LIC/1038/2015.- COLEXIO COMPAÑÍA DE MARÍA.-** Conceder licenza para realizar a tala de dúas palmeiras no xardín do Convento da Enseñanza sito na RÚA TROMPAS (DAS), 2.

**LIC/984/2015.- COLEXIO COMPAÑÍA DE MARÍA.-** Conceder licenza para realizar a execución dunha soleira de hormigón en patio exterior no COLEXIO COMPAÑÍA DE MARÍA sito na RÚA TROMPAS (DAS), 2.

**LIC/974/2015.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.-** Conceder licenza para realizar a intervención no beirado da fachada en San Paio de Antealtares do Convento Homónimo para a eliminación das humidades e pingueiras sito na Rúa SAN PAIO DE ANTEALTARES.

**LIC/932/2015.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO .-** Conceder licenza para realizar o selado de xuntas da fachada e limpeza da cuberta da torre do arquivo histórico do Monasterio de San Martiño Pinario sito na Praza da Inmaculada nº 5.

**LIC/881/2015.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.-** Conceder licenza para realizar a restauración do grupo escultórico e limpeza de fachada da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago sito na Praza da Universidade 1.

**LIC/1607/2006.- CONVENTO DE SAN FRANCISCO.-** Conceder licenza para realizar adaptación campión San Francisco a NBE-CPI/96 na RÚA CAMPIÑO DE SAN FRANCISCO (DO), 3.

**LIC/716/2011.- CONVENTO DE SAN FRANCISCO.-** Conceder licenza para realizar a mellora das instalacións do Hotel monumento San Francisco sito na rúa Campiño de San Francisco (do), 3.

**LIC/692/2015.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.-** Conceder licenza para realizar a intervención no buque da escaleira helicoidal do Monasterio de San Domingos de Bonaval para a eliminación das humidades e conservación das monteas da súa traza sito na rúa Costa de San Domingos, 3.

**LIC/1803/2014.- PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO.-** Conceder licenza para realizar a substitución dunha porta existente por unha porta de corredeira no vestíbulo do Museo do Pobo Galego sito na Costa de San Domingos, 3.

**LIC/2098/2014.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.-** Conceder licenza para realizar as obras de restauro das fachadas sur e oeste e renovación da cuberta da Igrexia da Orde terceira franciscana sita na Rúa Campiño de San Francisco.

**LIC/1333/2014.- NOVA ASECONIA, S. COOP. GALEGA.-** Conceder licenza para realizar obras de reforma en rúa Mariño, 8 baixo.

**LIC/1758/2014.- FCP 17, S.L.-** Conceder licenza de obras de acondicionamento de local en planta baixa e soto na Rúa Nova, 57.

**LIC/607/2010.- MAPEGUI SL.-** Arquivar o procedemento de legalización de instalacións hixiénico-sanitarias para piscina de uso colectivo no Lugar de Casas do Monte, 10 Laraño.

**LIC/2449/2011.- ESTACIÓN DE SERVICIO SANTA LUCIA SL.** Conceder licenza de obras de reforma de planta baixa para cafetería e ampliación de planta alta para oficina-almacén sita na Estrada N-525, Pk 336,4 O Eixo.

**LAP/413/2011.- ESTACIÓN DE SERVICIO SANTA LUCIA SL.-** Conceder licenza municipal de actividade para cafetería na planta baixa e oficina-almacén na planta alta da edificación sita na Estrada N-525, Pk 336,4 O Eixo.

#### **DESFAVORABLES**

**LAP/364/2013.- UNAY RUIZ REPULLO.-** Denegar a licenza de obras e apertura de local destinado a tatuaxe corporal na rúa Preguntorio, 28.

## **PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS**

**LIC/1756/2014.- RUBÉN CASTRO ADRÁN.-** Conceder licenza de segregación e agrupación das parcelas sitas en LG QUINTAS Nº 21.

**LIC/17/2015.- FRANCISCO CARBALLO MARTÍNEZ.-** Conceder licenza de parcelamento da finca sita en LG PEREIRAS Nº 27.

## **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/366/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PREGUNTOIRO 6-8.-** Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500,00 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/198/2013 relativas á substitución da galería e cuberta na rúa Preguntoiro 6-8.

**LIC/583/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA NOVA Nº2.-** Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.000,00 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1141/2013 relativas á instalación de ascensor na Rúa Nova 23.

**LIC/944/2015.- HERMANOS LIÑARES BAR E OUTROS SC.-** Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.500,00 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1851/2008 relativas ás obras de acondicionamento de establecemento hoteleiro na RÚA LOUREIROS (DOS), 6.

### **2 a 17.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas a solicitude de licenzas.**

(Ver listado previo LICENZAS: FAVORABLES)

### **18.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para obras e apertura de local destinado a tatuaxe corporal na rúa Preguntoiro, 28. LAP/364/2013.**

(Ver listado previo LICENZAS: DESFAVORABLES)

### **19 e 20.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas á solicitudes de licenza de segregación e parcelación.**

(Ver listado previo LICENZAS: PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS)

### **21.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativas á devolución de fianzas.**

(Ver listado previo LICENZAS: DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS)

### **22.- Prórroga do aluguer de local para uso sociocultural no barrio de VISO.**

Prorrógase o devandito contrato de aluguer, situado na rúa Ribeira do Visto, 2, por un período de tres meses e medio (dende o 16 de setembro ao 31 de decembro de 2015) e un importe de 2.117,50 euros (605 euros/mes).

### **23.- Designación de técnico municipal responsable do contrato de "Servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela".**

Engádese ao acordo da XGL do 14 de agosto sobre a adxudicación do devandito contrato o nome do técnico municipal responsable, que será o xefe da sección de Medio Ambiente.

### **24.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á suspensión temporal parcial das obras de Urbanización do SUNP-11 do Castiñeirío.**

Acórdase a suspensión temporal parcial das obras referidas no que afecta exclusivamente ao ámbito dos centros de transformación, actualmente baleiros á espera do subministro e colocación pola empresa subministradora.

### **25.- Aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017".**

Apróbase o expediente e ábrese o procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación urgente. As ofertas dos licitadores en canto á prestación contratada non poderán superar os seguintes prezos: almuerzo, 1,85 € + IVE; xantar, 4,13 E + IVE.

**26.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Santiago para o abastecemento de auga potable nas zonas de Lavacolla e Marrozos.**

Ratifícase a prórroga do devandito convenio.

**27.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para deixar sen efecto o acordo nº 129 da Xunta de Goberno de data 14.08.2015 e de prórroga de cesión provisional do estadio municipal de San Lázaro e Campo de adestramento de San Lázaro II a favor da Sociedade Deportiva Compostela.**

Acórdase deixar sen efecto o devandito acordo, por falta do estudo de costes e prorrógase o acordo de cesión anterior ata o 15 de outubro. A cesión definitiva deberá ser aprobada antes desa data.

**28.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Obradoiro Club de Amigos de Baloncesto SAD para o ano 2015.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 55.000 euros.

#### URXENCIAS

1. Concédese unha licenza para executar as obras de ampliación do percorrido do ascensor nunha planta e substitución do mesmo no inmovible sito na rúa Nova de Abaixo, 7 (LIC/918/2015).